

DESCRIPCIÓN

O proxecto Xeitos de Ver consiste en dotar a un grupo persoas en situación de privación de liberdade en medio aberto das ferramentas e recursos necesarios para que elas mesmas sexan capaces de detectar aqueles comportamentos, elementos simbólicos, mobiliario urbano, ...que continúan no día a día reproducindo roles e estereotipos de xénero, e que polo tanto manteñen vixente o machismo e a violencia.

POBOACIÓN DESTINATARIA

10 persoas internas no Centro de Inserción Social de A Coruña “Carmela Arias y Díaz de Rábago”.

OBXECTIVOS

XERAL:

Visibilizar a través dunha mostra fotográfica os machismos e violencias cotiás existentes na nosa sociedade.

ESPECÍFICOS:

- Fomentar o interese das persoas participantes pola igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e trasladar ese interese ao conxunto da cidadanía.
- Identificar os mensaxes estereotipados que perviven na sociedade.
- Favorecer as habilidades comunicativas das persoas participantes que permitan mellorar as súas relacións sociais, laborais e persoais.
- Visibilizar ás persoas privadas de liberdade e poñelas en valor como axentes de cambio social

ACTIVIDADES

- **Formación en xénero:** formación básica en xénero para realizar unha selección e análise de imaxes que poña de manifesto a discriminación e violencias machistas.
- **Formación en fotografía:** marco normativo sobre á imaxe e a propiedade intelectual, o uso das imaxes en internet, así como as técnicas fotográficas (composición, luz, color, encadre, proporción,...) e o uso e posibilidades dunha cámara.
- **Fotografías na rúa - Actividade práctica:** o alumnado terá sesións practicas para buscar imaxes que mostren escenas machistas, discriminatorias, que reproduzan roles e estereotipos de xénero,...
- **Exposición fotográfica:** Esta exposición permitiranos trasladar ao conxunto da cidadanía o traballado neste programa, e servira para facer reflexionar e concienciar á sociedade sobre os machismos, as violencias, as discriminacións que continúan vixentes no día a día das nosas cidades, vilas, pobos,...



TEMPORALIZACIÓN

O proxecto desenvólvese desde o 15 de abril ao 30 de novembro de 2019.

A formación é os martes e mércores en horario de 09:00 a 13:00 nun aula do Centro de Inserción Social de A Coruña.

FORMACIÓN EN XÉNERO (20 HORAS)

- FORMACIÓN EN FOTOGRAFÍA (20 HORAS)

REALIZACIÓN DE FOTOGRAFÍAS NA RÚA (12 HORAS)

- EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA CO MATERIAL ELABORADO